



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 17 DE XUÑO DE 2023 CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDE

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 12:02 horas do día 17 de xuño de 2023, para dar cumprimento ó establecido nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde, reúnen, en sesión pública, os señores concelleiros electos nas Eleccións Locais realizadas o día 28 de maio de 2023, que, de conformidade coa Acta da Xunta Electoral de Zona de proclamación oficial de candidatos electos son os seguintes:

PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE

DON PABLO DIEGO MOREDA GIL
DONA CARMELA PRIETO CAL
DON JESÚS ROMERO CARRACELAS
DONA LUCÍA PICOS ANEIROS
DON ISMAEL DURÁN BEREIJO

PARTIDO POPULAR

DON XULIO CRIBEIRO GARCÍA
DON PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ
DONA MARÍA LUZ LEONARDO ANEIROS
DONA OLGA IGLESIAS BEREIJO

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

DON JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ARRIBE “XOSE DE VIGO”
DONA MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ
DON NOEL LÓPEZ LÓPEZ
DONA MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

Asistidos pola Secretaria da Corporación, dona Ana Velo Ruiz. Constátase o cumprimento do requisito que preceptúa o artigo 7 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, como trámite previo legal para este acto.

Así mesmo, está presente a Interventora municipal, dona María Carmen Menéndez Ares.

Intervén a Sra. Secretaria para manifestar que o obxecto da presente convocatoria é proceder á constitución da 12ª Corporación municipal, xurdida das eleccións municipais realizadas o pasado día 28 de maio de 2023.

A tal efecto, os artigos 37.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 195.1 da LO 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, dispoñen que as Corporacións Locais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, agás que se teña presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos; en tal caso, a sesión



celebrarase o cuadraxésimo día posterior ás eleccións. Non consta a presentación de recurso contencioso electoral.

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

En cumprimento do disposto no artigo 195.2 da LO 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e no artigo 37.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, procédese ao chamamento dos concelleiros electos de maior e menor idade dos presentes, ao obxecto de formar a Mesa de Idade, que será presidida polo concelleiro de maior idade e da que será Secretaria a da Corporación, correspondendo a designación a Don José Antonio Rodríguez Arribe “Xose de Vigo”, concelleiro de maior idade, e Don Noel López López como concelleiro de menor idade.

A Sra. Secretaria roga a Don José Antonio Rodríguez Arribe se achegue á Mesa Presidencial ao obxecto de prestar xuramento ou promesa e lle formula a seguinte pregunta:

¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

Ao que Don José Antonio Rodríguez Arribe resposta: Si, prometo por imperativo legal e comprométome a defender os intereses e dereitos do pobo de Cedeira e do pobo galego en xeral.

Don José Antonio Rodríguez Arribe pasa a presidir a sesión e ocupa o lugar destinado ao efecto, e a continuación, o Sr. Presidente da Mesa roga a Don Noel López López se achegue á Mesa Presidencial ao obxecto de prestar xuramento ou promesa, formulándolle a seguinte pregunta:

¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

Ao que Don Noel López López resposta: Si, prometo por imperativo legal e comprométome a cumprir e defender os dereitos e os intereses do pobo de Cedeira e do pobo en xeral.

Queda CONSTITUÍDA A MESA DE IDADE, composta por:

PRESIDENTE: JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ARRIBE
VOGAL: NOEL LÓPEZ LÓPEZ
SECRETARIA: ANA VELO RUIZ

2.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS

Seguidamente a Sra. Secretaria, de orde do Sr. Presidente da Mesa de Idade, da lectura á Acta de Proclamación oficial de candidatos electos nas Eleccións Locais 2023 na circunscrición de Cedeira remitida pola Xunta Electoral de Zona, na que constan os nomes e apelidos dos/as Señores/as Concelleiros/as electos, proclamándose electos ós seguintes candidatos e procedéndose a comprobación das credenciais coa certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona:

DON PABLO DIEGO MOREDA GIL	(PSDEG-PSOE)
DONA CARMELA PRIETO CAL	(PSDEG-PSOE)
DON JESÚS ROMERO CARRACELAS	(PSDEG-PSOE)



DONA LUCÍA PICOS ANEIROS	(PSDEG-PSOE)
DON ISMAEL DURÁN BEREIJO	(PSDEG-PSOE)
DON XULIO CRIBEIRO GARCÍA	(PP)
DON PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ	(PP)
DONA MARÍA LUZ LEONARDO ANEIROS	(PP)
DONA OLGA IGLESIAS BEREIJO	(PP)
DON JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ARRIBE “XOSE DE VIGO”	(BNG)
DONA MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ	(BNG)
DON NOEL LÓPEZ LÓPEZ	(BNG)
DONA MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ	(BNG)

Pola Sra. Secretaria dáse conta de que os/as candidatos electos/as presentaron na Secretaría Xeral as credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona, e así como, en cumprimento do disposto no número 7 do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, as preceptivas declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como declaración dos seus bens patrimoniais e de participación en sociedades.

Así mesmo, a Sra. Secretaria indica que todos os Concelleiros e Concelleiras electos/as están debidamente informados sobre o réxime de incompatibilidades que, para a condición de Concelleiro, está establecido no artigo 178 en relación cos artigos 6, 7 e 177 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e artigo 10 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A Sra. Secretaria sinala que se comprobaron as credenciais presentadas coas certificacións remitidas pola Xunta Electoral de Zona e que a documentación resulta correcta.

3.-XURAMENTO OU PROMESA DOS/AS CONCELLEIROS/AS

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, para a toma de posesión e adquisición da plena condición do cargo de Concelleiro/a, os/as candidatos/as electos/as deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, procedendo polo Sr. Presidente a formular a cada un dos/as candidatos/as electos/as, segundo a orde establecida na acta de proclamación oficial de candidatos/as electos/as, a seguinte pregunta:

¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

Don Pablo Diego Moreda Gil	Si, prometo
Dona Carmela Prieto Cal	Prometo
Don Jesús Romero Carracelas	Si, prometo
Dona Lucía Picos Aneiros	Si, prometo
Don Ismael Durán Bereijo	Si, prometo
Don Xulio Cribreiro García	Si, xuro e prometo
Don Pablo Luís Nebriil López	Si, xuro e prometo
Dona María Luz Leonardo Aneiros	Si, xuro e prometo
Dona Olga Iglesias Bereijo	Xuro e prometo
Dona María José Pernas Díaz	Si, prometo por imperativo legal e comprométome a defender os dereitos e



Dona Manuela López Rodríguez

intereses xerais de toda a veciñanza de Cedeira e do pobo galego

Si, prometo por imperativo legal e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Cedeira e de todo o pobo galego

4.- DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Cumpridos os trámites preceptivos, o Sr. Presidente da Mesa de Idade DECLARA FORMALMENTE CONSTITUÍDA Á CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CEDEIRA, ao concorrer a maioría absoluta dos/as Sres./Sras. Concelleiros/as electos, na forma seguinte:

CONCELLEIROS/AS QUE INTEGRAN A CORPORACIÓN	
NOME E APELIDOS	LISTA ELECTORAL
DON PABLO DIEGO MOREDA GIL	PSdeG-PSOE
DONA CARMELA PRIETO CAL	PSdeG-PSOE
DON JESÚS ROMERO CARRACELAS	PSdeG-PSOE
DONA LUCÍA PICOS ANEIROS	PSdeG-PSOE
DON ISMAEL DURÁN BEREIJO	PSdeG-PSOE
DON XULIO CRIBEIRO GARCÍA	PP
DON PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ	PP
DONA MARÍA LUZ LEONARDO ANEIROS	PP
DONA OLGA IGLESIAS BEREIJO	PP
DON JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ARRIBE “XOSE DE VIGO”	BNG
DONA MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ	BNG
DON NOEL LÓPEZ LÓPEZ	BNG
DONA MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ	BNG

5.- ELECCIÓN DE ALCALDE/SA

Logo da constitución da Corporación, pola Sra. Secretaria dáse lectura, de orde do Sr. Presidente da Mesa de Idade, ó artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, polo que se establece o procedemento para a elección de Alcalde/sa.

De conformidade co disposto no referido artigo, poden ser candidatos todos os Concelleiros que encabezan as súas correspondentes listas:

CANDIDATOS	LISTA ELECTORAL	VOTOS OBTIDOS
PABLO DIEGO MOREDA GIL	PSdeG-PSOE	1.393



XULIO CRIBEIRO GARCÍA	PP	1.073
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ARRIBE “XOSE DE VIGO”	BNG	1.003

O Sr. Presidente anuncia que se vai proceder á elección do Alcalde ou Alcaldesa mediante votación ordinaria a man alzada, de conformidade co previsto no artigo 102 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación, o resultado é o seguinte:

Don PABLO DIEGO MOREDA GIL:	5 votos
Don XULIO CRIBEIRO GARCÍA:	4 votos
Don JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ARRIBE:	0 votos

Á vista do resultado da votación, non obtendo ningún dos candidatos a maioría absoluta dos votos emitidos polos membros da Corporación municipal, de conformidade co previsto no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, o Sr. Presidente proclama Alcalde electo do Concello de Cedeira ao Sr. D. PABLO DIEGO MOREDA GIL, que encabeza a lista que obtivo o maior número de votos populares no municipio, presentada pola candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

6.- XURAMENTO OU PROMESA DO SR. ALCALDE E TOMA DE POSESIÓN DO SEU CARGO

Acto seguido, e de conformidade co disposto nos artigos 18 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Presidente da Mesa de Idade se require a D. PABLO DIEGO MOREDA GIL, proclamado Alcalde electo deste Concello, para que preste xuramento ou promesa do cargo conforme á fórmula establecida polo artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, formulándolle a seguinte pregunta:

¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

Ao que D. PABLO DIEGO MOREDA GIL resposta: Si, prometo.

A continuación, o Presidente da Mesa de Idade procede a entregar o bastón de mando ao Sr. Alcalde, que pasa a ocupar a Presidencia.

Por parte da Intervención e da Secretaría municipais deuse cumprimento ó disposto no artigo 36.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais en canto á preparación da documentación para a realización do Arqueo Extraordinario e a comprobación do Inventario da Corporación, encontrándose a disposición dos Sres./Sras. Concelleiros/as dita documentación.



Cumprido o obxecto da convocatoria, intervén o Sr. Alcalde:

“Señor Presidente e membros da mesa, concelleiras, concelleiros, querida veciñanza.

Quero empezar este discurso de investidura dándolle a miña máis sincera noraboa a todas as concelleiras e concelleiros que hoxe toman posesión, así como ás súas familias pola enorme honra que supón ser membro da Corporación Municipal de Cedeira, por asumir a responsabilidade que nos outorgaron os cidadáns como servidores públicos.

Permítanme que agradeza a toda a miña familia, en especial aos meus fillos Natalia, Ricardo, Raúl, Anxo e Pablo, a meu pai, a meu irmán e á miña cuñada que están hoxe aquí presentes. A miña nai que non puido vir, a outros familiares que tampouco puideron vir e a todas aquelas persoas que forman unha parte moi importante da miña vida, así como a de todas e todos os concelleiros que me acompañaron nestes derradeiros catro anos polo seu enorme compromiso e adicación, polo que supón o exercicio e responsabilidade deste cargo no que non existe nin horario nin descanso. Todo é por e para Cedeira.

Pero acadar este terceiro mandato non sería posible sen o apoio da nosa Agrupación Local do PSdeG, dos seus afiliados e dos seus simpatizantes, aqueles que traballan arreo cada día sen necesidade de estar en primeira liña, pero que son fundamentais para que hoxe Cedeira volva a ter un alcalde socialista. Grazas a cada un de vós polo excelente traballo en positivo que fixemos durante toda a campaña así como pola vosa implicación diaria na mellora da calidade de vida das nosas veciñas e veciños.

Hai oito anos, un 13 de xuño de 2015, presenteime a este pleno para solicitar por primeira vez a confianza da Corporación Municipal, para asumir a maior das responsabilidades que un cedeirés poida ter: ser alcalde do seu pobo. Un pobo no que non nacín, pero que si elixín como lugar onde quero vivir o resto da miña vida.

Aquel pleno encomendou a un alcalde socialista formar un grupo de goberno galeguista de progreso que conquiriu ser un grupo unido cun único fin, o benestar da veciñanza de Cedeira.

Ese mandato descubriu unha nova forma de facer política en Cedeira, cun goberno municipal cercano a todas as veciñas e veciños que, salvando diferencias políticas normais, foi quen de ser un exemplo de cogobernanza para o restos dos concellos galegos.

No 2019 a confianza dos veciños nas eleccións municipais deunos a primeira maioría absoluta do PSdeG-PSOE nestes anos de democracia, naquel momento xa dixemos que se producira un cambio en Cedeira e que este cambio de modelo de xestión non tiña marcha atrás, un cambio onde as forzas de esquerda deste concello sumamos 9 concelleiros de 13 posibles, algo impensable fai 20 anos.

Iniciamos agora unha nova andaina con novos membros dentro do grupo de goberno que teñen a difícil tarefa de substituír a grandes concelleiros e amigos como foron: Malena, Ermitas, Manuel e Manolo. Cada un deles deixa unha forte pegada neste concello e dende aquí o meu recoñecemento e admiración persoal por tanta perseverancia con momentos bos e duros durante este pasado mandato.

Pero non debo de pasar neste discurso de investidura sen mencionar o compromiso que tivéchedes durante a peor crise sanitaria da historia da Democracia Española, no que sen dúbida nos tocou estar ao fronte dun goberno municipal no peor momento posible, a Covid 19 que nos mudou a nosa forma de vivir. Un período onde estivéchedes á altura do que significa ser un servidor público. Non fai falla que enumere as vicisitudes que vivimos para buscar solucións nesos momentos tan complexos. Solo



nós sabemos a dificultade que iso supuxo pero tamén o moito que nos uniu e que nos chegou a fortalecer como persoas e como grupo.

Hoxe, tres anos despois, podemos reflexionar sobre eses cambios de percepción que temos na nosa vida, porque naquel momento a pandemia puxo de manifesto as desigualdades sociais que existían no noso concello e no conxunto de todo o país.

Hoxe temos a oportunidade para reflexionar e reaxustar a forma en que vivimos, como nos relacionamos ou como queremos construír a nosa sociedade. Vimos como no noso pobo vivimos momentos de gran solidariedade e unha resiliencia extraordinaria. Veciñas e veciños que se axudaban os uns aos outros, xente que saía á rúa para animar aos traballadores esenciais, negocios locais de todo tipo que doaban subministros vitais, ... E qué dicir das traballadoras e traballadores municipais, do persoal de servizos sociais, de limpeza, de obras, monitores, ...

Esa era a Cedeira da que nos sentimos moi orgullosos, onde vimos o mellor do espírito humano.

Neste intre empezamos a terceira viaxe ao fronte do Goberno de Cedeira, unha viaxe que vén cargada de ilusión e compromiso cun equipo novo que conta coa miña total confianza e do que me sinto orgulloso de que estén ao meu lado. Grazas Carmela, grazas Suso, grazas Lucía e grazas Ismael.

Levamos oito anos nos que os Gobernos Municipais deron un exemplo de facer políticas con maiúsculas. De alcanzar acordos polo ben de Cedeira con outras forzas políticas que noutras ocasións eran imposibles e impensables, de buscar consensos, de confrontar dentro do respecto persoal, e, sobre todo, de defender o interese xeral. Por iso, hoxe tamén quero agradecer a todos os membros da Corporación pasada o excelente traballo que realizaron durante o mandato 2019-2023.

Algúns iniciamos hoxe unha nova etapa; outros fixaron rumbos distintos fora da política. Pero creo que o pobo de Cedeira ten motivos e razóns de sobra para estar orgulloso e convencido de que os seus representantes deixáronse a pel e traballaron en todo momento polo seu benestar. Dicir isto supón un dos maiores orgullos que pode ter un alcalde.

Hoxe constitúense de novo os concellos en toda España e nós podemos dicir que levamos oito anos coa cabeza en poñer estabilidade e gobernabilidade, priorizando en todo momento o interese xeral de cada cedeiresa ou cedeirés por diante de calquera interese particular e partidista. Este grupo de Goberno marcou un estilo de gobernanza de consenso e capacidade que debemos de manter nesta nova etapa que iniciamos hoxe.

Cada Corporación é herdeira da anterior. Mandato a mandato fomos construíndo un gran pobo formado por sete parroquias que se chama Cedeira.

A veciñanza volveu a falar nas urnas o pasado día 28 de maio. Nesta ocasión Cedeira volveu a mostrar ilusión e sobre todo confianza en que volvamos a ter un goberno de esquerdas. Un goberno de progreso e galeguista onde os intereses da nosa xente estén por riba de todo. Cedeira falou alto e claro que quería un goberno que encabezase un socialista pero tamén que participase outra forza política como é o BNG. O pobo é sempre quen máis ordena, fagámoslle caso e formemos un gran grupo de coalición que volva a ser un exemplo de boa xestión como foi aquel goberno entre 2015 e 2019. Por iso compañeiras e compañeiros do BNG desta corporación, como xa tivemos falado en xuntanzas previas, as portas para traballar xunto a nós polo benestar da nosa xente están abertas e dende aquí hoxe volo volvemos a dicir.



Seremos un goberno onde o eixo neste mandato 2023-2027 siga sendo os acordos e o consenso, que é a mellor forma de garantir un goberno de todas e de todos, un concello útil, social e cercano, un goberno que traballará pola defensa do interese xeral.

Por iso, dende o primeiro minuto tendo a man aos grupos municipais que conforman esta Corporación a traballar xuntos dende o respecto e a tolerancia cara a desenvolver as mellores políticas para Cedeira. Esa vai a seguir sendo a vontade do noso goberno todo o mandato e asumo en primeira persoa a presidencia deste pleno para aseguralo a través do traballo directo na xunta de portavoces. Debemos centrarnos no que compartimos, nos espazos comúns.

Se todas e todos somos capaces de alcanzar acordos quen vai a gañar é Cedeira, só Cedeira.

Reivindico o dereito a ser optimistas co noso futuro. A ter ilusión. Temos o mellor equipo posible. Un equipo formado por todos os traballadores municipais que cada día inician a súa xornada laboral co único obxectivo de mellorar o noso concello, de dalo todo por Cedeira. E dende aquí, dende este salón, temos que conseguir tomar decisión xustas e oportunas que consigan que eses profesionais alcancen a súa meta diaria.

Como Corporación, como representantes da cidadanía, temos un mandato de enorme importancia para o noso concello. É un reto que debe mirar máis alá de catro anos. Temos que mirar cara adiante, con moita ambición. Debemos de traballar pola Cedeira que queremos polo menos para os vindeiros 15 anos. O bo que ten a política é que nos xulgarán cando remate este mandato polo que consigamos daqueles obxectivos que levamos no noso programa electoral e que son o noso Plan Estratégico. E teño a suficiente confianza en que a maioría destes obxectivos son compartidos polo resto das forzas políticas que forman a Corporación municipal así que tamén invito á oposición a traballar de forma inmediata.

Afronto este grande reto de volver a ser Alcalde Cedeira coa experiencia que dan os 8 anos de traxectoria que levo ao fronte desta corporación. Somos conscientes dos acertos que debemos manter e os avances que temos que defender e soste. Pero tamén dos erros que debemos corrixir neste terceiro mandato. A veciñanza de Cedeira non elixiu solo dar continuidade a un proxecto, como foi neste caso, porque considere que se resolveron todos os seus problemas, senón porque ve motivos para confiar en que se vai a seguir traballando para resolvelos.

Direino unha e outra vez, o noso equipo vaise deixar a pel nestes catro anos. Seremos valentes, seremos ambiciosos e imos aproveitar todas as oportunidades, non fuxiremos de ningún problema e imos asumir un liderazgo non só do pobo senón tamén de toda a comarca.

Somos un pobo cunha historia e nome propio que quere converterse en referencia das mellores políticas públicas. Somos un pobo que nos permite combinar tradición con innovación. Somos abertos, plurais, tolerantes. Un pobo creativo e cheo de talento con proxección nacional e internacional.

Sempre dicimos que Cedeira protexe o seu pasado, pero que sempre debe de mirar cara ao futuro.

Por iso, crear, medrar e coidar representan accións que estarán no centro das nosas políticas que durante os vindeiros catro anos van a guiarnos e imos a promover e a estimular. Sinto de maneira acuciante que debemos de emprender accións transformadoras que nos permitan estar con voz propia e diferenciada nas conversas máis interesantes deste século; as que teñen que ver coa tecnoloxía, a protección do medio ambiente, o cambio climático, as novas formas de expresión cultural ou a construción dun urbanismo, unha mobilidade e unha vida cidadá amable e sostible.



Tamén sinto, coa mesma intensidade e urxencia, que debemos de seguir protexendo moitas cousas valiosas que nos singularizan e nos representan: o mar, o rural, a nosa cultura, o noso patrimonio, o coidado dos nosos maiores e dos nosos menores, os espazos públicos para as persoas, a beleza da nosa paisaxe, a arquitectura do casco vello, rúas con menos ruído e menos fumes, ... Todo un conxunto de maneiras valiosas de vivir e convivir que poidan estar ameazados.

Esta é a Cedeira que seguiremos construíndo, a Cedeira aberta, transparente, inclusiva e igualitaria.

Os pobos medianos coma Cedeira deben de preocuparse por seguir crescendo, por xerar suficiente economía e riqueza como para poder facer sostible e mellorable o noso estado de benestar.

Quero deixar para o final debido á súa importancia e porque ao final sempre nos quedamos coas últimas verbas que debemos de coidarnos, coidar e coidar aos que coidan.

Ás veces descoidamos o que amamos, quizais porque está aí e non nos damos conta, e dese modo, o que está unido e conectado, desúñese e afástase.

O coidado, o mimo, a atención aos detalles, a preocupación pola xente creo que ten que ver con volver a conectarnos de forma profunda entre todos nós.

Queremos construír entre todos unha unidade de propósito que nos guíe e artellar un diálogo constante e próximo que o faga posible. Porque co descoído estes lazos tenden a afrouxarse e así debemos volver a conectarnos.

Así, traballando en conxunto os diversos colectivos existentes en Cedeira, os profesionais e funcionarios do noso concello xunto á representación política, para poder aproveitar ao máximo o seu talento e capacidade en aras dun mellor servizo público, lograremos un concello ao servizo da veciñanza; un concello que pense nas persoas máis vulnerables e máis fráxiles, aquelas que padecen e sofren maiores dificultades de integración social e están en situación de pobreza ou marxinalidade ou en risco de poder estalo.

Por último, dicir que nós estamos aquí para construír sobre o xa construído, para unir ás persoas que desexan e loitan por unha Cedeira mellor. Unha Cedeira que aspira a ser aberta, a ser un pobo onde a pluralidade é alentada e benvida, un pobo que aproveita as sinerxías positivas da cidadanía para conseguir logros máis ambiciosos e fai que o libre pensamento e a creatividade individual se convertan nunha idea e un obxectivo común.

Porque todos sabemos que as sociedades pechadas temen a novidade, impiden a innovación, limitan a creatividade así como vulgan e rexeitan a diferenza e lastran e pechan as posibilidades de crear, medrar e coidar.

Escaparemos do pensamento sectario, das verdades absolutas, do comigo ou contra min, onde diversas, múltiples e variadas formas de concibir e concibirse se vertebran nun desexo e proxectos compartidos.

Amigos e amigas, nada une máis á xente que aspirar a un proxecto de pobo do que nos sentimos orgullosos, no que todas e todos temos cabida. Despregar unha sólida confianza en nós mesmos depende da calidade das nosas conversas, de ter como ambicións metas elevadas, de pensar e crer que nós podemos, que temos a capacidade suficiente, a competencia e a autonomía para facelo viable.

En Cedeira, nada nin naide nos sobra.



Moitísimas grazas a todas e a todos.”

E non sendo outro o obxecto deste acto e sendo as 12:31 horas do día ao comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ